


PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA  
TRANSMISIÓN DA COVID-19 NAS ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES



## **INDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN**

### **2. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

- Limpeza e desinfección das salas
- Ventilación axeitada
- Permanencia de espazos/salas
- Aforo máximo por actividade / grupos de actividades extraescolares

### **3. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO**

### **4. XESTIÓN NO CASO DE SÍNTOMAS OU ABROCHOS**

### **5. ANEXO I. ENQUISA CONTROL DIARIO ALUMNADO/PERSOAL.**

### **6. ANEXO II. DISTRIBUCIÓN DE ACTIVIDADES/ESPAZOS**

## 1 INTRODUCCIÓN

No CPR Plurilingüe Luis Vives, no curso actual e debido á situación sanitaria provocada pola Covid-19, e a aprobación por parte da Inspección Educativa da modificación horaria de xeito excepcional no curso 20-21, lévanse a cabo dous tipos de actividades extraescolares, incluídas no PXA do curso 20-21 do centro:

- a) Atención de tarde por parte de persoal do propio centro. Co fin de facilitar a conciliación familiar ao horario actual, para o alumnado de todas as etapas educativas.  
Esta atención realizada nos espazos do centro por profesorado seguirá as medidas establecidas no Plan de Adaptación do centro á situación Covid (publicado na web), de xeito similar ás medidas realizadas no horario lectivo.
- b) Actividades extraescolares xestionadas por empresa externa, (Mouxion). Esta entidade, en coordinación co centro, elabora o seguinte Protocolo específico para as súas actividades, co fin de continuar coas medidas establecidas polo propio centro educativo no seu Plan de Adaptación á situación Covid.
- c) Este Plan de actividades extraescolares será presentado ao Consello Escolar do centro.

## 2 CONSIDERACIÓNS XERAIS

- limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados.
- ventilación adecuada (antes, durante e despois)
- acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo
- Aforo máximo por actividade
- grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia (evitar novos membros, interacción entre grupos, ou si é posible, cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado pola entidade e poderá serlle requirido polo Equipo Covid.

### Limpeza e desinfección das salas:

O centro encargarse da limpeza e desinfección das salas/espazos utilizados, co persoal de limpeza interno do centro ademais da empresa de subcontrata externa.

As medidas de limpeza de espazos do centro están incluídas no punto 5 Plan de Adaptación do centro educativo á situación Covid-19 (Hixiene e Limpeza do centro

educativo)

Ademais das medidas anteriores engadir especificamente:

Os monitores das actividades encargaranse personalmente de desinfectar os materiais usados en cada actividade (pelotas, altavoz, ordenador, mesas,.....) materiais específicos de cada actividade a maiores dos materiais que se atopen no centro.

En cada aula/espazo os monitores contan con líquido desinfectante viricida aprobado polo Ministerio para esta función.

O alumnado debe usar xel hidroalcohólico no inicio de cada actividade para o uso de materiais ou acceso ao centro/aula. Os monitores deben observar o uso axeitado do mesmo, especialmente no alumnado de Infantil e 1º,2º de Ed. Primaria, controlando a cantidade de xel axeitado ao tamaño da súa man. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas

#### Ventilación axeitada:

Seguindo as recomendacións dos últimos protocolos sanitarios, sempre que a meteoroloxía o permita as actividades extraescolares realizaranse preferentemente no exterior.

De non ser posible, escolleranse espazos amplos, sempre os mesmos, mantendo tamén no alumnado os mesmos postos sempre.

As salas deberán estar ventiladas no inicio e fin da actividade.

Durante a realización da actividade a ventilación debe ser frecuente (abrir portas e ventás) durante 2-5 minutos cada 20 minutos. Sendo mellor abrir ben as ventás/portas ese tempo e cerrar durante o resto para manter o confort.

A manipulación de portas e ventás debe ser feita sempre polo monitor, desinfectando previamente as súas mans co xel dispoñible na sala.

#### Permanencia de espazos/salas:

Como no apartado anterior seguindo as recomendacións dos últimos protocolos sanitarios, sempre que a meteoroloxía o permita as actividades extraescolares realizaranse preferentemente no exterior.

De non ser posible, escolleranse espazos amplos, sempre os mesmos, mantendo tamén

no alumnado os mesmos postos sempre.

No Anexo deste plan incluímos as actividades que se inician en outubro, e os espazos das mesmas (no caso de poder facerse no exterior)

Ademais incluímos o espazo de entrega para realizar de xeito escalonado a saída para as familias.

Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias.

O aforo será controlado seguindo as instrucións do plan de adaptación do centro. (semáforos de baño)

#### Aforo máximo por actividade / grupos de actividades extraescolares:

Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.

Nas idades mais pequenas (infantil ou 1º e 2º de EP) valorarase facer grupos mais pequenos se fose necesario.

Mouxion informará ás familias que a incorporación a unha nova actividade deberá respetar o aforo máximo e deberá realizarse sempre no inicio de cada mes, evitando a mistura de grupos durante a actividade no máximo posible.

O aforo máximo das actividades será de 15 alumnos por monitor. Límite dos espazos en interior mantendo as distancias de 1,5 entre alumnado.

O alumnado dos mesmos GCE permanecerán na mesma zona da aula, separado igualmente 1,5 doutros alumnos de diferentes GCE.

Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso. Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente, nin poderán rechearse nos lavabos dos aseos.

Evitaranse novos membros durante o desenrolo das actividades, procurando en todo momento grupos estables, incluso cambio de monitores.

Os monitores deberán realizar un rexistro diario do alumnado participante, incluíndo os postos que ocupaban. Este rexistro poderá ser requerido polo Equipo Covid do centro. Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.

### 3 NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

1. Enquisa de autoavaliación dos monitores e persoal de extraescolares. Seguindo o protocolo sanitario, todos os monitores e persoal que acuda ao centro deberá realizarse a toma de temperatura e a valoración dos síntomas compatibles, (Anexo I deste plan, non acudindo ao seu posto no caso de presentar síntomas compatibles e avisando á entidade organizadora)
2. Enquisa de autoavaliación do alumnado. Posto que as actividades continuarán na xornada para aquel alumnado de permanencia no centro, a declaración responsable asinada polas familias e en custodia do centro será válida tamén para todas as actividades extraescolares do centro. (Anexo I deste Plan)

A enquisa de autoavaliación prevista no “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, incluía a non asistencia ao centro ante a presenza de síntomas compatibles coa Covid-19. A non asistencia ao centro extrapola a non asistencia ás actividades extraescolares.

No caso de non asistencia ás actividades extraescolares a familia deberá informar á Mouxion para ter en conta esta circunstancia.

3. Máscara obrigatoria para todo o alumnado durante o desenrolo da actividade. Salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.

As persoas monitoras determinaran os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.

4. Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, no caso de contar con estas.
5. Habilitarase unha PORTA de SAÍDA para evitar a acumulación de persoas. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima

puntualidade.

Os monitores velarán porque o alumnado cumpra a distancia de seguridade entre alumnos durante a saída.

6. A organización das tarefas e exercicios será en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto. Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans. As persoas adultas contarán co seu propio material e encargaranse de hixienizalo logo do seu uso.

#### **4 XESTIÓN NO CASO DE SÍNTOMAS OU ABROCHOS**

O centro conta con personal específico durante o horario desenrolo das actividades que se ocupará do alumnado con síntomas e o espazo de illamento.

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

0. O monitor contactará co persoal do centro (teléfono de emerxencia) que se presentará na actividade para a toma de temperatura do alumno ou iniciar o protocolo de illamento no espazo habilitado para tal fin e de acordo co “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”.
1. Contactarase coa familia, que deberá presentarse no centro no antes posible para a recollida do alumno e continuidade do protocolo segundo o plan de continxencia do centro.
2. O Equipo Covid do centro en coordinación co CSC (centro de seguimento de casos) e en función do que as autoridades sanitarias dictaminen poderá introducir contactos estreitos dun positivo nas actividades extraescolares a través da plataforma Educovid. Polo que a información de Mouxión (asistentes/planos) será de acceso á persoa coordinadora do Equipo Covid do centro educativo en calquer momento.

## 5. Anexo I. Enquisa control diario alumnado/persoal.

### ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		





## MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

e/ou D \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

nai/pai/ titor ou titora legal do alumno/alumna \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ matriculado no \_\_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_

no centro educativo CPR PLURILINGÜE LUIS VIVES.

### DECLARAN RESPONSABLEMENTE QUE :

Realizan ao alumno/a a toma de temperatura corporal e a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID (anexo 1) cada día, antes de asistir ao centro, e que se compromete a NON envialo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo via telefónica o mediante a plataforma colexial.

- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En Ourense, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Asdo. \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

Nai/ titor legal

Pai/titor legal

\*Nos casos de separacións/divorcios cada un dos proxenitores deberá cubrir/entregar este documento.

## 6. ANEXO II. DISTRIBUCIÓN DE ACTIVIDADES/ESPAZOS

Día	Actividades	Espazos da actividade	Entrega dos alumnos
<b>LUNS</b>	1 PATINAXE  2 TENIS	Pista cuberta exterior Pista tenis exterior	Exterior,
<b>MARTES</b> <b>XOVES</b>	1 MÚSICA E MOVIMENTO  3 INICIACIÓN Á XIMNASIA RÍTMICA	Preferentemente no exterior do centro. En caso de mal tempo:  Aula polivalente 2º planta  e/ou  Ximnasio	Hall principal/rampa
<b>MÉRCORES</b> <b>VENRES</b>	1 SMART ENGLISH  2 KUNG FÚ  3 ZUMBA KIDS	Preferentemente no exterior do centro. En caso de mal tempo:  Aulas polivalentes 2º planta  e/ou  Ximnasio	Hall principal/rampa